

celga

Certificada

4



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-2017

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre monicreques do teatro galego. Tome as notas que precise.

HISTORIAS ITINERANTES

O Barriga Verde volve á vida logo de 40 anos de ausencia

Un proxecto resucita o monicreque máis popular do teatro galego

O teatro de monicreques Barriga Verde volve levantar o pano. Trátase duns personaxes que percorreron a Galicia de principios do século XX participando en cada feira ou romaría que se organizaba. Don Cristóbal, o Barriga Verde, aparecía de xeito constante no seu teatro ao aire libre cando os seus servizos eran contratados polas comisións de festas das diferentes parroquias. Daquela, por ver os monicreques e rir con eles había que pagar unha peseta, pero o paso do tempo acabou con esta proposta de entretemento.

Agora, a Deputación de Lugo toma a iniciativa de recuperar esta tradición cultural en colaboración coa produtora Tintimán e coa compañía Viravolta. Por unha banda, Viravolta recrea os personaxes para poder facer representacións, mentres que Tintimán realiza un traballo de campo para producir e realizar un documental sobre este universo de bonecos de cartón pedra.



A figura central é a que lle dá nome ao espectáculo, o Barriga Verde. Segundo Comba Campoy, adxunta á dirección do documental e xefa de produción, o protagonista “é un monicreque de pau, de gran tamaño, caracterizado coma un señorito e cunha vara na man”. Iso si, fala en galego, o que chama a atención tanto do delegado de Cultura da Deputación, coma da propia Comba. “É curioso este fenómeno de expresarse na lingua propia de Galicia, tendo en conta que estaba prohibida a súa utilización”, sinala a xornalista e produtora.

Porén, o deputado matiza as palabras de Campoy: “Non só falaba en galego, senón que, segundo conta miña nai, tiña expresións propias do noso carácter como ‘morreu o demo, acabouse a peseta’”.

HISTORIAS ITINERANTES

A orixe do Barriga Verde é outra das singularidades que presenta este boneco ao que lle deron vida os irmáns Silvent. Este apelido, de orixe belga ou francesa, pertencía a unha familia estremeña que emigrou a Galicia. Os Silvent eran varios irmáns; un deles asentouse na comarca do Lérez e outro en Ferrol. José Silvent creou a barraca para facer feiras en Pontevedra e en Santiago de Compostela, mentres que o seu irmán, Santiago, percorría a ruta dende Ferrol ata Lugo. A representación que realizaban os irmáns era a mesma en todos os lados, pois bebían das mesmas fontes, xa que o Barriga Verde ten similitudes co don Roberto de Portugal, co don Cristóbal castelán ou cos ingleses Punch and Judy.

Diso acórdase Juan Silvent, fillo de Santiago Silvent, que actuou acompañando o seu pai pola provincia adiante nesa atracción dende os cinco anos. Juan, que traballou na compañía de monicreques dende os cinco anos ata que casou, está encantado de que retomen esta iniciativa.



PROBA B

“Eu tamén sabía mover os bonecos, todos os irmáns sabíamos, e incluso unha irmá sabía facer as voces...”, engade o fillo de Santiago Silvent. Juan bota a vista atrás e reivindica a figura do “verdadeiro protagonista”, seu pai. “El daba vida a don Cristóbal, o Barriga Verde. Falaba e cantaba en galego, salvo cando cortexaba a dona Rosita, á que se dirixía en castelán con frases en galego polo medio, pero como facemos nós”.

TESTEMUÑAS DOS MONICREQUES

En Galicia, fixéronse rapidamente co aplauso da xente polo seu humor irreverente e popular. No documental de Tintimán, aclara Campoy, trátase de amosar “esa militancia ácrata coa que o público se sentía tan identificado”. A casualidade quixo que a nai do actual delegado de Cultura na Deputación de Lugo recorde as actuacións na Mariña dos Silvent, lembrando “como se metía cos curas ou lle daba paus ao demo para pórle fin ao espectáculo”.

Pero a sona deste monicreque foi máis aló. En Monforte de Lemos, no salón do lvedo de San Xulián de Tor, tamén recibiron a visita do Barriga Verde. O encargado da cantina, Ricardo, foi quen contratou os servizos dos cómicos. Mercedes, veciña do lvedo, recorda o acontecemento: “Viñeron de inverno e actuaron no salón. Eu pensei que morría coa risa, e tanto nos gustou que ao señor Ricardo chamámoslle despois o Barriga Verde. Foi unha broma para darlle as grazas, pero el cada vez que llo chamaban os pequenos levábano os demos, e aínda segue a ser o Barriga Verde”, aclara a veciña do lvedo.

Os promotores do documental andan na procura de testemuñas para tratar de facer visible o proxecto a finais do vindeiro ano. O obxectivo é introducilo nas festas do San Lucas de Mondoñedo e do San Froilán de Lugo. Pedro Solla, o director do documental sobre o Barriga Verde, sostén que o proxecto audiovisual vai servir para promover “a recuperación da memoria dunha manifestación importante do teatro galego e para comprobar que esta proposta cultural sitúa o país ao nivel doutras iniciativas que estaban a ter lugar en distintos estados europeos”.

Nesa proposta da que fala Solla ían incluídas outras atraccións visuais, dende acrobacias como o rulo, na que un neno subía a un cilindro en movemento para facer acrobacias ata películas de cinema mudo. Logo era a quenda do Barriga Verde.

A avaliación que supón o fenómeno Barriga Verde, segundo explican os promotores do documental, hai que situala na época na que se deu, e por iso sinalan que están a facer “un importante labor de documentación para que a recreación sexa o máis fidedigna posible”. Comba Campoy e Tintimán reivindican este tipo de espectáculos de variedades, “por ser parte da cultura popular e representar outra cara do teatro, que debe incluír tamén os adultos e non quedar só cos nenos”. Neste caso, a pretensión verase cumprida e o pano volverase levantar pronto no San Lucas de Mondoñedo e no San Froilán de Lugo. O Barriga Verde reaparecerá para dicir, cando canse de falar, “morreu o demo, acabouse a peseta”.

Texto adaptado de www.xornal.com

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL 1-2 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: Esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.

- A. Como se chama?
- B. A que se dedica?
- C. De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...
- D. Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?
- E. Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?
(Se procede)
- F. Que lle gusta máis da cultura galega?
- G. Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?

2. RESUMO 3 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: O candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:

Faga un resumo do contido do artigo.

- H. Quen era o Barriga Verde?
- I. Como naceu o espectáculo? Que acollida tiña?
- J. Quen o recupera?

3. EXPOSICIÓN 3-4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: O entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e a partir dela diralle ao candidato que faga unha **exposición de 2-3 minutos**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu discurso, indicándolle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: *Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis?* etc. Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:

- “Hai que aplaudir a iniciativa de recuperar tradicións culturais propias, de non deixalas no esquecemento.”
- “É inevitable perder formas propias de entretemento co paso do tempo e os cambios de hábitos da sociedade.”
- “Para levar a difícil vida dun actor itinerante só podemos estar falando de verdadeira vocación.”
- “Cada xeración conta cunhas formas propias de entretemento.”

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: Logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción da frase-tema do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

“Hai que aplaudir a iniciativa de recuperar tradicións culturais propias, de non deixalas no esquecemento”

- Cre vostede que é importante gardar a cultura popular propia? Por que?
- Que opina vostede da recuperación de formas tradicionais de teatro? Cal cre que é a súa importancia?
- Cre que é máis importante preservar e fomentar o teatro ou outras manifestacións culturais?
- Cre que os galegos adoitan ir ao teatro? Con que frecuencia?
- Coñece vostede grupos ou espectáculos de teatro galego? Que lle parecen?
- Asistiu vostede a algunha representación teatral? Que lle chamou a atención?
- Cre que o teatro e outros espectáculos necesitan axuda pública (a través de premios e subvencións, por exemplo) para sobrevivir?
- Pensa que o cine e o teatro teñen cada un o seu lugar e os seus seguidores ou, pola contra, o cine acapara toda a importancia e deixa o teatro nun segundo plano?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre o teatro galego e o do seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

“É inevitable perder formas propias de entretemento co paso do tempo e os cambios de hábitos da sociedade”

- Coida vostede que as propostas de entretemento mudaron moito dende a súa nenez ata a actualidade? De que xeito?
- Lembra algún entretemento que hoxe xa non haxa ou xa non sexa popular? Cal cre que é a causa de que se fose perdendo?
- Cre que os lugares de diversión dos rapaces e rapazas variaron moito con respecto a outras épocas? Cre que é preferible asistir a espectáculos ao aire libre ou no interior dunha sala?
- Cre que as festas populares, feiras e romarías perderon importancia e agora os rapaces e adolescentes xa non van a elas? Por que?
- Que outras maneiras de divertirse teñen os rapaces na actualidade?
- Como cre que inflúe a TV, a internet e as redes sociais nas formas de divertirse?
- Cre que as actuacións de contadores de contos e monólogos son un tipo de espectáculo semellante ao teatro de rúa?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre as formas de entretemento máis comúns en Galicia e as do seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“Para levar a difícil vida dun actor itinerante só podemos estar falando de verdadeira vocación.”

- Considera vostede complexo ou sinxelo o traballo dos actores de teatro?
- Cre que son suficientemente recoñecidos os escritores, directores e actores teatrais na sociedade en que vivimos?
- A vostede gustaríalle ser actor/actriz? Por que? Que é o que lle parece máis difícil desta profesión?
- Cre que as persoas nacen artistas ou que calquera con traballo e esforzo pode chegar a converterse nun artista recoñecido?
- Cre que a vida dos profesionais do espectáculo é difícil? Como cre que se podería mellorar?
- Cre que os profesionais do espectáculo que se dedican ao público infantil están nunha situación mellor que a dos que se dedican ao público adulto?
- Asistiu vostede algunha vez a un espectáculo en que o público aplaudise sen cesar? Ou que apupase e patease?
- Cre que hai moitas diferenzas entre a vida dos actores de hoxe e os doutras épocas?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre o teatro galego e o do seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

“Cada xeración conta cunhas formas propias de entretemento.”

- Que teñen en común as súas afeccións coas dos seus avós? Cales son as diferenzas máis salientables?
- Cre que cada xeración se pode definir baseándose nas súas formas de diversión?
- Coida vostede que na actualidade existen moitas semellanzas ou diferenzas entre as formas de entretemento dos nenos e dos maiores?
- Cre que existe algunha forma de diversión que se mantén ao longo do tempo? Cal? Por que?
- Cre que as formas de entreterse na actualidade son mellores ou peores que as doutros tempos? Non cre que están demasiado baseadas no consumo?
- Que opina dos entretementos máis populares hoxe en día como os xogos dixitais? Como cre que afecta a popularización destes xogos á nosa sociedade?
- Considera vostede que na idade adulta as posibilidades de entretemento teñen un custo maior?
- Coida que na actualidade se inviste moito diñeiro en pasalo ben? Máis ou menos que en tempos pasados? A que cre que se debe?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre as formas de entretemento máis comúns en Galicia e as do seu lugar de orixe?